

TEMA 5. - COMENTARIO DA PORTADA DE PRATERÍAS


a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: a Portada de Praterías é unha escultura monumental (relevos) de temática relixiosa do Románico pleno, realizada a comezos do século XII. É a Portada Sur (situada nun dos brazos do transepto) da Catedral de Santiago de Compostela. Sitúase ao lado da Torre do Reloxo, obra barroca. Para estudar o Camiño de Santiago e a propia Catedral é fundamental "*O Códice Calixtino*", libro escrito por un peregrino francés do século XII: é un documento valiosísimo, unha auténtica guía do Camiño que recolle todas as etapas do mesmo, os hospitais, fondas, mosteiros, igrexas..., que se construíron en torno ao Camiño, sendo de especial relevancia a descrición que fai da Catedral de Santiago. No *Códice* indícase o nome dos arquitectos e escultores que traballaron na Catedral. Os escultores foron: o mestre do Cordeiro, o mestre de Conques, o mestre da Traizón, e, o máis destacado de todos, o mestre Esteban, coñecido tamén como mestre de Praterías, que traballou como arquitecto na Catedral. Material: granito e mármore (moi escaso).

c.- Analiza e comenta a obra: no Románico volve a acometerse con forza a escultura monumental (como no mundo clásico), destacando a das portadas (especialmente a dos tímpanos); polo contrario, a escultura exenta é moi escasa e redúcese a imaxes de Cristo Crucificado e da Virxe co Neno. A cor ten un grande protagonismo: as esculturas estaban policromadas con cores vivas e irreais.

A Portada de Praterías é a única portada románica que se conserva da Catedral. Este conxunto escultórico é sen lugar a dúbidas unha das mellores obras tanto do Románico hispano como do internacional xunto co Pórtico da Gloria.


No Románico proxectárase un programa iconográfico conxunto para as tres portadas da Catedral que representaría toda a historia da Humanidade. O programa nunca se completou. As tres portadas da Catedral en época románica eran as seguintes:

- Portada Norte (actual Acibechería): era a Portada do Paraíso. Representábanse escenas do Antigo Testamento: Creación de Adán e Eva, Pecado Orixinal, Expulsión do Paraíso, Diluvio Universal, etc. Nesta portada, Deus, para redimir os pecados dos homes, decide enviar ao seu Fillo á Terra.
- Portada Sur: é a Portada de Praterías. Simboliza a dobre natureza de Cristo: a humana e a divina.



- Portada oeste (principal): ía ser a Portada da Transfiguración na que se representaría a Cristo mostrando a súa natureza divina (despois construíuse no seu lugar o Pórtico da Gloria).

A Portada de Praterías consta de dous pisos separados por unha cornixa na que aparecen ménsulas. O primeiro piso está constituído por dúas portas con tres arquivoltas cada unha que deixan no centro un tímpano. O segundo piso (que se corresponde coa tribuna) está formado por dúas ventás con tres arquivoltas; as ventás están rodeadas por arcos lobulados de influxo islámico. No Románico a decoración escultórica circunscíbíase aos tímpanos; na actualidade aparecen esculturas no muro da parte superior e nas partes laterais das portas, cun evidente horror vacui (horror a deixar espazos baleiros, polo que se ocupa todo o espazo con esculturas, pinturas ou decoración), producindo ademais unha certa sensación de caos: estas figuras proceden das antigas Portadas do Paraíso (destruída por un incendio en 1117, polo que parte das esculturas se levaron a Praterías) e da Transfiguración (as esculturas nunca chegaron a colocarse na portada e decidiron poñer algunhas en Praterías).



Na Portada de Praterías atopamos os **elementos característicos da escultura románica**:

- Espazo-límite, é dicir, a escultura está totalmente condicionada polo marco arquitectónico: isto explica a deformación das figuras para adaptarse ao espazo que ocupan, adoptando moitas veces posturas moi forzadas.
- Ausencia total de naturalismo e de realismo (é unha arte que tende á abstracción): o que interesa é a mensaxe, por iso se rexeita a representación fiel da realidade.
- Composicións: planas, sen profundidade. O espazo non interesa, por iso hai unha ausencia de referencias espaciais (se existen son esquemáticas), xa que as escenas non se sitúan no mundo real senón nun plano espiritual, divino.
- Figuras: son bidimensionais (planas), dispostas en vertical (non hai profundidade), cunha clara perspectiva xerárquica (reflexo da xerarquizada sociedade feudal) e unha ausencia de beleza exterior (símbolo do mundo material, impuro): son figuras toscas e desproporcionadas. O corpo case sempre se oculta baixo as roupas, que presentan dobras xeométricas (sinxelas e paralelas), e se aparece espido, é antinatural. Hai unha “estética do feo” porque non se quere agradar senón transmitir unha mensaxe.

As figuras teñen unha escasa relación entre elas (en ocasións nin se miran e parecen non formar parte da mesma escena) e presentan isocefalia¹. Poden estar inmóbiles ou presentar movementos forzados e antinaturais. No caso específico das figuras divinas, aparecen hieráticas, frontais, inexpresivas, sen relacionarse co resto das figuras que forman a escena, e non mostran sentimentos.

Pasamos agora a analizar as esculturas de Praterías:

- **Os tímpanos:** Cristo baixa á Terra para redimir os pecados dos homes: móstrase como Home (atópase co sufrimento, a humillación, as tentacións) pero tamén como Deus (fai milagres, non cae no pecado). Ambos tímpanos simbolizan a dobre natureza de Cristo: humana e divina. A lectura das escenas realízase de dereita a esquerda (mirando a Portada de fronte).

► **Tímpano da dereita:** coñecido como **Tímpano da Paixón**.

- Rexistro inferior: na primeira escena á dereita representase a Traizón: Xudas bica a Xesús (traizón) e o soldado apresa a este último. Na segunda escena iníciase a Paixón coa flaxelación de Cristo que é atado á columna e golpeado (entre esta escena e a da Traizón aparece un home levando unha cruz: podería ser o Cireneo, que axudou a Cristo a levar a Cruz: anuncia a futura Crucifixión), despois representase a Cristo nunha cadeira coa Coroa de espiñas. Todas estas escenas falan da Súa natureza humana, porén, na terceira escena Cristo cura ao cego (cunha clara perspectiva xerárquica), simbolizando así a súa natureza divina.



- Rexistro superior, que representa a Epifanía ou Adoración dos Magos: os tres Reis Magos, guiados por un anxo, axeónllanse ante a Virxe co Neno: simboliza a natureza divina de Cristo. O demo presencia a escena.

Os mestres que traballaron neste tímpano foron:

- O **mestre da Traizón** (recibe este nome por ser o autor das figuras da Traizón), cun estilo caracterizado por figuras en altorrelevo (o brazo de Cristo é case de vulto

¹ Isocefalia: cabezas á mesma altura

redondo), coas pupilas escavadas, os bigotes coas guías cara a arriba e as dobras grosas e cilíndricas.

- O **mestre de Conques** (chamado así porque se cre que foi o autor das esculturas do tímpano de Santa Fe de Conques) realiza as figuras da flaxelación, caracterizadas por presentar un canon curto, pés de lado calzados con botíns e peiteados semiesféricos.

► **Tímpano da esquerda:** coñecido como **Tímpano das Tentacións**. Representáanse as tentacións de Cristo e o seu triunfo sobre elas: Cristo retírase ao deserto a meditar




e rezar, alí é tentado tres veces polo demo pero non cae ante as tentacións e o demo ten que marcharse. De novo simbolízase a dobre natureza de Cristo: como Home é tentado polo demo, como Deus non cae nas tentacións. O carácter pedagóxico nestas escenas é moi claro: o demo

tenta a Cristo disfrazándose de anxo, pero, para que a xente saiba que é o demo, o escultor representao con aspecto de simio.

Na esquina dereita aparece a figura máis destacada de Praterías, unha muller que leva unha caveira no seu colo: está sometida ao espazo límite e non parece ter nada que ver co resto das figuras do tímpano: é máis grande e parece incrustada nel. "*O Códice Calixtino*" di que representa á muller adúltera, obrigada polo seu home a ter no colo o cranio do seu amante e a bicalo dúas veces ao día. Porén, a interpretación máis axeitada para esta figura é a seguinte:

trátase de **Eva** que, a diferenza de Cristo, se deixou tentar polo demo e co seu pecado conduciu a toda a humanidade a padecer enfermidades, sufrimentos e morte. Eva preséntase tamén como contraposición á Virxe a través do xogo contrario das verbas Ave (saúdo do arcanxo a María) que simboliza a María (que é a pureza) e Eva (que é o pecado). Esta figura sobresaie con respecto ás outras e atribúese ao **mestre Esteban**,



Esteban, coñecido tamén como o **mestre de Praterías**: é unha figura en baixorrelevo, sedente (sentada), cos pés colocados verticalmente en forma de V invertida; presenta un estudo anatómico bastante naturalista: as roupas pégnanse ao corpo e transparentan o corpo (a técnica dos panos mollados seguía tendo predicamento),

as dobras paralelas en forma de “U” presentan profundidades e direccións distintas, contribuíndo á sensación de volume; o rostro mostra labios grosos, meixelas prominentes e ollos avultados, os cabelos presentan as guedellas soltas. Supón un avance con respecto a outras figuras do Románico (máis toscas).

- **O contraforte da esquerda:** (o único que se conserva da Portada románica): aparecen unha serie de figuras que proceden da Portada do Paraíso. As máis destacadas, de abaixo a arriba, son: David, Creación de Adán, Pantocrátor.


- ▶ **David:** é un dos antepasados humanos de Cristo. Anuncia a Cristo: na súa xuventude fora pastor de ovellas (almas) e defendíaa dos ataques das bestas (pecado) igual que o Bo Pastor (Cristo) que conduce ás ovellas á salvación; loitou e venceu ao xigante Goliath (demo) ao igual que Cristo que supera as tentacións do demo; chegou a ser rei de Israel como Cristo, que na fin dos tempos volverá como rei á Terra.




Representábase como rei de Israel (leva a coroa na súa cabeza): é un home maduro que está sentado sobre unha cadeira e ten nunha man unha viola namentres coa outra sostén o arco: David foi un destacado músico e poeta. Baixo as patas da cadeira aparecen dúas cabezas de oso esmagadas e aos pés de David un animal de aspecto fantástico

(león con ás) tamén esmagado: simbolizan o triunfo sobre o pecado. A disposición da figura, o estilo e a técnica son os mesmos de Eva, polo que a figura tamén se atribúe a **Esteban**.

- ▶ **Creación de Adán:** representábase o momento no que Deus, tras modelar con barro o corpo de Adán, estalle dando a



vida (a alma) ao colocar a súa man sobre o peito do home. Simboliza o poder de Deus que crea a un home puro. As figuras están de pé pero nelas observamos as características xa vistas en Eva e David, atribuíndose a obra a **Esteban**.



- ▶ **Pantocrátor:** atribúese ao **mestre do Cordeiro** (chamado así por ter traballado na Portada do Cordeiro da igrexa de San Isidoro de León). É unha figura plana, de aspecto tosco, desproporcionada, etc.